

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023063694
ASUNTO	Contratación do servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior, e o inicio do procedemento para obter a Certificación na Marca "S" para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)
TRÁMITE	Aprobación do expediente

PMC/sj

A deputada delegada da Área de Infraestruturas públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Un dos obxectivos do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra é a mellora da competitividade e posicionamento do destino Rías Baixas, impulsando os cimentos do turismo de calidade, sostible e innovador. Unha estratexia aliñada ao Plan Estratéxico do destino Rías Baixas e coas políticas nacionais no eido do turismo.

A Rede de oficinas de turismo INFO RIASBAIXAS, regulada pola Ordenanza publicada no BOPPO nº72 do 13 de abril de 2022, está formada polas oficinas e/ou puntos de información turística de titularidade da Deputación de Pontevedra, e outras oficinas e/ou puntos de información turística da provincia de titularidade municipal que soliciten a adhesión e cumpran os requisitos recollidos na Rede. Neste intre, son 32 as oficinas e/ou puntos de información adheridos á Rede INFO RIASBAIXAS.

No artigo 4 da Ordenanza reguladora da Rede, indícanse as vantaxes de estar integrados na rede, entre os cales se indica a posibilidade de obter o distintivo de Calidade "Q" conxuntamente coa Oficina de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra e/ou certificacións de cumprimento de sistemas de calidade que se implementen na rede de oficinas.

O Instituto de Calidade Turística de España (ICTE) é unha organización creada co fin de difundir os sistemas de aseguramento da Calidade no sector turístico



O ICTE lidera ademais unha nova certificación de Sostibilidade Turística (ODS) que supón un elemento diferenciador, a mellora da imaxe do subsector turístico no destino e facilita a visibilización sobre a contribución coa mellora do entorno sociocultural e medioambiental do destino turístico.

As actividades do servizo de Turismo Rías Baixas e esta en concreto, baséanse na cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, configurándose a Calidade como unha ferramenta fundamental para a mellora da competitividade das actividades turísticas da provincia de Pontevedra.

Para a realización do seguimento e certificación das normas de aplicación do Instituto de Calidade Turística Española (ICTE), é necesario recorrer a empresas do sector que posúan a capacidade para realizar este tipo de servizos, debido á non disposición dos medios necesarios e suficientes por parte da Deputación de Pontevedra.

Por tanto, dadas as especiais características dos traballos a levar a cabo obxecto do presente contrato, o servizo de Turismo Rías Baixas non dispón dos medios materiais e humanos, descritos nos pregos, axeitados para a realización das actividades necesarias para o seu cumprimento; ao tratarse de traballos que requiren de persoal moi especializado e con experiencia na súa realización, o que implica un perfil profesional do que non se dispón suficientemente en estrutura, nin cualitativamente nin cuantitativamente. Por tanto, e atendendo a razóns de eficiencia técnica e organizativa, resulta necesario a súa contratación cunha empresa especializada.

Por todo anterior, faise necesario, por tanto, a tramitación do correspondente expediente de contratación "Servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da Marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -oficinas de turismo, para a rede de oficinas de Turismo Info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior e par ao cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)"

En base ao exposto, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e prace da deputada delegada, propón, mediante informe de data 25 de outubro de 2023, a contratación do servizo de asistencia técnica para para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior, e para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). O contrato proposto ten un prazo de execución máximo de 3 anos, e un orzamento base de licitación de 29.284,01 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Intervención emite documento de retención de crédito por importe de (6.868,24 €) con cargo a aplicación 24/433.4320.227.06 e 24/433.3360.227.06 (2.838,80 €-Castelo Soutomaior) do vixente orzamento provincial.

Respecto ás anualidades 2025 (6.397,48 €-Turismo e 3.527,57 €-Castelo Soutomaior) e 2026 (7.380,88 €- Turismo e 2.271,04 €-Castelo Soutomaior) contabilizaranse nas correspondentes aplicacións que serán, no seu caso, a 25/433.4320.227.06, 25/433.3360.227.06, 26/433.4320.227.06 e 26/433.3360.227.06, quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Tendo en conta que, con data 01/02/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 22/11/2023, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral de data 05/12/2023, co csv: IIXAYST4ZHX2YH9C.

Visto que con data 07/12/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 02/02/2024, co csv: BVOK2UBZBBUPEI6U, coas seguintes observacións e recomendacións

"Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio."



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; o artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; a base de execución do orzamento 16ª.1b), e da Resolución Presidencial número 2023006130, de 2 de agosto do 2023, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2023006250, de 8 de agosto do 2023, **RESOLVO:**

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, servizo de asistencia técnica para a certificación e seguimentos da marca Q de calidade turística, conforme á UNE-ISO 14785:2015 -Oficinas de Turismo, para a rede de oficinas de turismo info Rías Baixas, e a UNE 302002:2018 -Museos, para o Castelo de Soutomaior, e o inicio do procedemento para obter a Certificación na Marca "S" para o cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), pola cantidade máxima de 29.413,55 euros (21 % IVE engadido), conforme ao seguinte detalle:

Importe sen IVE	IVE (21%)	Importe co IVE
24.201,66 €	5.082,35 €	29.284,01€

O valor estimado do contrato é de 24.201,66 €.

O prazo de execución máximo do contrato é de 3 anos a contar dende a data de formalización e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2026.



2.- Autorizar o gasto por importe máximo de 29.413,55 €, IVE incluído, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/433.4320.227.06 Turismo	6.868,24€
	24/433.3360.227.06 castelo de Soutomaioir	2.838,80 €
2025	25/433.4320.227.06 Turismo	6.397,48€
	25/433.3360.227.06 castelo de Soutomaioir	3.527,57 €
2026	26/433.4320.227.06 Turismo	7.380,88 €
	26/433.3360.227.06 castelo de Soutomaioir	2.271,04 €

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: XBDGG6oF25AIHBZF) e de prescricións técnicas (CSV: S1YWUR5736DEVOLL) que rexeran neste procedemento aberto simplificado.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de **15 días naturais**, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Documento asinado electronicamente.

